

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 24/05/2024**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Javier Tourís Romero
SUPLENTE	D. Jorge Cubela López
VOGAIS:	D ^a . Luisa María Sánchez Méndez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D ^a . María Isabel Couselo Torres, por vacante de José Carlos López Campos
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D ^a . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D ^a . María Nava Castro Domínguez
	D ^a . Ana Laura Iglesias González
	D. Carlos Gómez Prado
	D ^a . Digna Rosa Rivas Gómez, en substitución de D. Paco Ferreira González
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D ^a . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D. Gorka Gómez Díaz
	D ^a . Beatriz Lomba Rodríguez
	D ^a . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e quince minutos do día vinte e catro de maio do ano dous mil vinte e catro, reúnen-se no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o técnico de administración xeral do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2024025331)

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o dezanove de abril do ano dous mil vinte e catro co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS CONFRARÍAS DE PESCADORAS E PESCADORES, FEDERACIÓN DE CONFRARÍAS E AGRUPACIONS DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES DURANTE O EXERCICIO 2024 (EXPTE.: 2024002959)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe sobre a aprobación das citadas bases, co seguinte teor literal:

“ASUNTO: DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS AS CONFRARÍAS DE PESCADORAS E PESCADORES, FEDERACIÓN DE CONFRARÍAS E AGRUPACIONS DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES DURANTE O EXERCICIO 2024 (Exp.: 2024002959)

A Deputación de Pontevedra é consciente da importancia das confrarías de pescadores e pescadoras da provincia, que xunto coa súa Federación provincial o as agrupacións de mariscadoras, contribúen ó desenvolvemento de accións de promoción e o fomento dun sector de vital importancia na provincia, como é o da pesca e marisqueo. Neste sector atopan ocupación profesional un numeroso porcentaxe de familias da provincia, principalmente mulleres.

A través desta liña de actuacións, subvencionaranse investimentos (material de vixilancia, elementos de transporte, equipos informáticos, mobiliario, caixas para a comercialización, obras e formación), e con carácter extraordinario, gastos correntes (gastos de persoal,



combustible e electricidade), destinados a garantir a sustentabilidade das actividades pesqueira e marisqueira da provincia, afectadas polos sucesivos temporais deste inverno que provocaron unha severa mortalidade de moluscos bivalvos debido á baixa salinidade das augas nas rías, así como o amarre da flota de baixura durante longos períodos de tempo, levando ó sector a unha situación extrema.

Porén, os obxectivos principais da convocatoria céntranse en propiciar a recuperación e o impulso do sector da pesca e marisqueo para a posta en valor dos seus recursos e potenciar o seu desenvolvemento.

A contía total das axudas é de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00) €, 75.000€ para investimentos e 175.000€ para gastos correntes, con cargo as aplicacións orzamentarias 24/410.4150.789.02 e 24/410.4150.489.01 do orzamento provincial.

O prazo para a solicitude das mesmas finaliza o 7 de xuño de 2024.

Documento asinado dixitalmente.

A xefa do Servizo de Medio Natural.”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada da celebración da poxa referida “ut supra”.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e vinte minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O secretario da Comisión,
(*documento asinado electronicamente*)
Marcos Areán González

